



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA POR UNHA ESCOLA INFANTIL PÚBLICA EN CUNTIS

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar contaba, no ano 2009, cun proxecto para a construción dunha Escola Infantil Pública da rede da Xunta de Galicia nunha parcela que o Concello de Cuntis cedera previamente. Localizado nas proximidades do actual Centro de Día, aquel proxecto contemplaba unha superficie construída de máis 600 metros cadrados con cinco aulas, unha área de xogos e unha pequena horta. Desgraciadamente, a chegada á Xunta de Galicia do Partido Popular de Alberto Núñez Feijóo supuxo a paralización deste proxecto.

A escaseza da oferta pública na nosa comarca obriga a moitos/as pais e nais de Cuntis a acudir ao sector privado para poder facer realidade algo tan básico como é a conciliación laboral e familiar. En Cuntis existe unha demanda real clara neste sentido que atinxe, principalmente, á mocidade. Todas as forzas políticas coincidimos na necesidade de ofrecer as maiores facilidades posibles e as políticas máis adecuadas para fomentar as condicións que melloren a natalidade, e sen dúbida a oferta deste servizo melloraría notablemente estas condicións.

Veciñanza vén sostendo que un dos elementos imprescindibles para fixar poboación no rural é a implantación de servizos públicos de calidade. O caso de Cuntis é paradigmático, porque ademais das súas carencias nesta materia presenta unha poboación notablemente avellentada e en constante diminución. No tocante ás cifras de natalidade, dende hai máis de dúas décadas, a media de nacementos anuais sitúase en 31. Os cambios sociolóxicos experimentados na nosa sociedade fan que necesidades como a conciliación adquiran hoxe aínda máis prioridade que a que podía ter en décadas anteriores.

Un Goberno que se diga comprometido coas políticas sociais non pode obviar este tipo de necesidades, e o esforzo en investimento público debe ter en primeiro plano a conciliación. No ano 2009, as restricións orzamentarias que aplicou o Goberno da Xunta de Galicia frustraron o proxecto que podería converter a Cuntis en referencia comarcal en materia de servizos sociais públicos. Unha vez que o relato dos Gobernos tanto Español como Galego nos indica que chegou o tempo da recuperación económica, é apropiado retomar aquelas prioridades que foron paralizadas fai case



unha década. A comezos da presente lexislatura autonómica, o Goberno anunciaba que esta sería '*a do rural*'. É momento de reclamarlle á Xunta de Galicia que exhiba o seu compromiso con estas declaracións e a coherencia co seu discurso.

Veciñanza aposta por unha fronte común da Corporación Municipal para esixir uns servizos públicos de calidade para Cuntis e propón os seguintes

ACORDOS:

- 1) Instar ao Grupo de Goberno a iniciar os contactos coa Xunta de Galicia para a recuperación do proxecto de construción dunha escola infantil pública en Cuntis solicitando unha reunión co Conselleiro de Política Social.
- 2) Dar traslado do presente acordo á Consellaría de Política Social
- 3) Instar a que o Grupo de Goberno coordine unha emenda conxunta dos grupos da Corporación Municipal ao Proxecto de Orzamentos do ano 2019 para a inclusión dunha partida para este proxecto.

Cuntis, 10 de maio de 2018

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López